
MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A CONTINUIDADE DA AXENDA FEMINISTA NAS POLÍTICAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O APOIO A CELEBRACIÓN DO 8-M

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En setembro de 2015, a Asemblea Xeral da ONU creou a Axenda 2030, referendada por 150 países. Esta Axenda establecía unha serie de obxectivos para o desenvolvemento sustentable das diferentes comunidades no mundo, entre elas a redución das desigualdades, o logro da igualdade de xénero, a erradicación da pobreza ou a loita contra o cambio climático. É unha axenda que puxo a igualdade de xénero no centro do desenvolvemento sustentable e no centro das políticas. Agora ben, a realidade que nos rodea demostra día a día que hai moito percorrido aínda por facer, dado que o cambio real é desesperadamente lento para a maioría das mulleres. As mulleres, polo feito de selo, continúan a sufrir importantes desigualdades estruturais, directamente ligadas á construción social dos roles de xénero, unhas desigualdades que se perpetúan tamén a través das violencias machistas.

O feminismo é a ferramenta desde a cal debemos pensar e artellar colectivamente os obxectivos da axenda 2030, precisamos políticas públicas locais efectivas para avanzar cara outro tipo de sociedade, na que a igualdade entre mulleres e homes sexa unha realidade, non un desexo. A administración local sempre foi e segue sendo o lugar onde atender as necesidades máis inmediatas, o lugar para identificar e aplicar medidas políticas feministas e transversais de xénero. Como dixo Ánxela Davis “o feminismo é a idea radical que sostén que as mulleres somos persoas”, é a estratexia para combatir a opresión por razón de xénero, pero tamén o racismo e o fascismo.

No anterior mandato municipal impulsáronse novas políticas feministas que nacían co obxectivo de transformar os roles de xénero e as estruturas patriarcais que reproducen as desigualdades de xénero no noso concello. Desenvolvéronse actuacións dirixidas a toda a poboación, non só ás mulleres, a prol da diversidade e promoveuse a transversalidade na organización municipal. Son moitos os proxectos e programas e novas infraestruturas impulsadas que non cómpre esquecer para seguir construíndo: a elaboración do ‘Observatorio local de igualdade de xénero’, onde se pode consultar a situación de homes e mulleres no municipio de Santiago; a apertura da ‘Casa das Mulleres Xohana Torres’ xunto

coa programación cultural na mesma, a recuperación dos Premios Xohana Torres, a denominación do estadio de fútbol de San Lázaro como o Estadio municipal Verónica Boquete, a aprobación en Pleno da denominación do Aeroporto de Santiago - Rosalía de Castro, o nomeamento da Ludoteca 'Maria Miramontes' nas Fontiñas, o apoio ás mulleres do rural e aos colectivos feministas de Compostela, e a loita contra as violencias machistas.

Pasou máis de ano e medio do actual mandato e vivimos nunha situación de pandemia provocada pola Covid-19 e unha grave crise económica e social que afecta de maneira negativa ás mulleres tanto no ámbito das violencias como noutras dimensións como o emprego, a saúde, e a conciliación da vida familiar, persoal e laboral. É por elo que cómpre reforzar o compromiso anterior impulsado por CA e fortalecer as políticas feministas e non caer na parálise. Están en xogo os dereitos das mulleres. Como dicía Simone de Beauvoir “non esquezaes nunca que bastará unha crise política, económica ou relixiosa para que os dereitos das mulleres volvan ser cuestionados. Estes dereitos nunca se dan por adquiridos, hai que permanecer vixiantes toda a vida”

Para avanzar na consecución dos ODs de igualdade de xénero da Axenda 2030 e chegar nunha mellor situación á celebración do 8 de marzo -Día Internacional da Muller- consideramos necesario renovar o compromiso para impulsar políticas transversais e feministas. Por todo iso, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

O Pleno insta:

- Ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:
 1. Aplicar a transversalidade de xénero en todas as áreas de goberno para que as políticas municipais dean resposta ás desigualdades ás que se enfrontan as mulleres en relación a: os coidados, a mobilidade, a vivenda, o envellecemento e a soidade, a saúde, a precariedade laboral e a exclusión social, a orientación sexual e de xénero, e a representación simbólica nos espazos de poder.
 2. Elaborar un estudo sobre a situación sanitaria, económica e social das mulleres de Compostela tras a irrupción da crise da Covid-19.
 3. Dar cumprimento ao Plan de coidado e conciliación *Compostela coidadora* centrado na responsabilidade dos coidados achegando as medidas e recursos necesarios.
 4. Apertura da Casa Xohana Torres con programación regular cando as restricións motivadas pola situación da Covid o permitan.
 5. Desenvolver un programa feminista amplo de actividades e eventos culturais en Compostela tanto nos barrios como nas parroquias.
 6. Apoiar as mobilizacións e reivindicacións do movemento feminista galego para a celebración do 8 de marzo de 2021.

- Ao goberno da Xunta de Galicia a :
7. Construír unha Casa de Acolida en Santiago de Compostela como solución habitacional transitoria para as mulleres vítimas de violencia de xénero.
 8. Dar resposta e impulsar todas as medidas solicitadas polo Pleno do Concello de Santiago nos últimos anos, con motivo da celebración do 8M, en materia de xénero, de igualdade salarial, inserción laboral,, corresponsabilidade e conciliación e violencia de xénero.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021


Marta Lois González

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta



AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA